

tración autonómica de Galicia, cos efectos previstos no artigo 38.4º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Rematado o trámite de rexistro, daráselles traslado dos escritos, solicitudes e comunicacións aos seus destinatarios sen dilación e directamente.

b) Información xeral da Administración autonómica de Galicia.

c) Información particular sobre aqueles expedientes administrativos tramitados por instancia de parte perante a Administración autonómica de Galicia, nos cales o solicitante sexa interesado, nos termos establecidos na lei.

d) Acceso ao Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

2. As funcións a que se refire o número anterior exerceranse nos concellos a partir do día 16 de xuño de 2006.

#### Artigo 2º

As oficinas dos concellos a que fai mención o artigo anterior desempeñarán as funcións que no antedito artigo se conteñen, dentro do horario que con carácter xeral rexa para estas en cada caso e nos locais destinados ao rexistro xeral aberto ao público en cada concello.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-O establecido nesta orde non supón incremento de gasto.

Segunda.-Facúltanse a Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas para ditaren as normas precisas para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2006.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Resolución do 9 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de integración laboral destinados a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria.*

A Secretaría Xeral de Emigración é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, competencias que asume en virtude do Decreto 231/2005, do 11 de agosto, que establece a citada secretaría xeral como centro

directivo dependente funcionalmente da Presidencia, e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, (DOG nº 53, do 16 de marzo de 2006). Así ten atribuídas, entre outras competencias, a ordenación e planificación dos programas de atención dirixidos á integración tanto dos inmigrantes como dos emigrantes retornados, así como a xestión das axudas e subvencións destinadas a estes colectivos.

O importante fluxo de retornados e o incremento actual da inmigración en Galicia representan un dos fenómenos socio-económicos, con perfís específicos, que precisarán de especial atención por parte da comunidade. A promoción de políticas de integración social e laboral constitúe un dos piares básicos dunha política integral de inmigración, na que a cooperación entre as distintas administracións e outras institucións interesadas convértese en elemento clave para acordar obxectivos e desenvolver programas e actuacións coherentes que, doutra banda, poden contribuír positivamente ao desenvolvemento social e económico dunha Galicia moderna, plural, emprendedora, dinámica e creativa.

Nesta liña destaca o marco de cooperación para a xestión do fondo de apoio á acollida e a integración de inmigrantes acadado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas, do que a Xunta de Galicia participa e comparte os principios e priorización de eixes e medidas de actuación no ámbito das accións de integración.

A experiencia e formación multicultural e a recoñecida capacidade emprendedora dos nosos emigrantes retornados configúranse como instrumentos para facilitar a inserción social e laboral destes galegos e galegas se desde aquí contribuímos a informar, formar e transferir os coñecementos axeitados. Proponémonos paliar os déficits específicos de información producidos pola diáspora e abrir novas vías formativas no eido da sociedade do coñecemento que impulsen liñas de acción catalizadoras de novos proxectos que permitan incorporar ao desenvolvemento económico e social de Galicia o valioso capital humano produto do feito estrutural que supón a nosa emigración e construír, así, un presente axeitado aos novos retos do noso país.

Na concepción e execución destas medidas intégranse, como principais premisas, a corresponsabilidade entre administracións e os distintos actores sociais e as persoas migrantes, así como a colaboración activa entre o sector público e a sociedade civil para dinamizar iniciativas e dotar de coherencia as actuacións de ambos os sectores, contribuíndo ao impulso do terceiro sector e a súa capacidade de xestión.

A solicitude, tramitación e concesión de subvencións previstas nesta resolución axustaranse, ademais de ás bases contidas nesta convocatoria, ao

disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, ao artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O financiamento das axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo ao crédito do programa 04.50.213A.480.0 que figura na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Por todo isto e atendendo aos obxectivos expostos e, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, no exercicio das competencias e facultades que teño atribuídas de acordo co previsto no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, e en concreto na súa disposición adicional segunda, sobre desconcentración de competencias nos secretarios xerais da Presidencia,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1º.-Obxecto e finalidade da convocatoria.

O obxecto desta resolución é o establecemento de subvencións a asociacións de persoas emigrantes retornadas e inmigrantes e outras entidades sen ánimo de lucro sinaladas no artigo seguinte que desenvolvan programas que favorezan a integración laboral destes colectivos migrantes na nosa comunidade autónoma, así como a regulación dos requisitos e as condicións para a súa concesión.

##### Artigo 2º.-Entidades e institucións solicitantes.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente resolución de convocatoria as asociacións representativas de emigrantes retornados e inmigrantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar debidamente inscrita, na data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, como asociación sen ánimo de lucro, no rexistro de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) Estar constituída maioritariamente por emigrantes retornados ou inmigrantes.

c) Ter entre os seus fins estatutarios a atención a emigrantes retornados ou á poboación inmigrante en Galicia e que así conste expresamente nos seus estatutos.

d) Desenvolver programas que favorezan a integración laboral destes colectivos, segundo o previsto no artigo 3º desta resolución.

e) Ter xustificado, de ser o caso, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria, outras subvencións concedidas polo departamento de emigración da Xunta de Galicia.

f) Non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións

enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Ademais poderán presentar solicitude de subvención outras asociacións, institucións e entidades sen ánimo de lucro tales como as fundacións e as organizacións sindicais ou empresariais coa excepción de sociedades civís, partidos políticos, universidades, colexios profesionais, corporacións de dereito público e entidades públicas en xeral e outras entidades con análogos fins e natureza que as citadas.

As citadas institucións deberán cumprir os requisitos previstos no punto 1 anterior, letras d), e) e f), así como estar debidamente inscritas, na data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no rexistro oficial correspondente e ter como finalidade instituída por norma estatutaria ou regulamentaria a información, a formación e o apoio orientados á integración socio-laboral de traballadores, abarcando este aos colectivos migrantes.

##### Artigo 3º.-Accións subvencionables.

Serán subvencionables a través desta convocatoria as accións de apoio á integración laboral realizadas polas entidades e institucións citadas no artigo 2º dirixidas exclusiva ou conxuntamente a emigrantes retornados, inmigrantes comunitarios e inmigrantes non comunitarios.

As accións destinadas a calquera dos colectivos citados no parágrafo anterior deberán estar incluídas nalgunha das seguintes epígrafes do eixe de integración laboral de colectivos migrantes:

1. Apoio a programas de acceso, mellora e mantemento do emprego.

Aqueles que teñan por obxectivo facilitar a inserción socio-laboral dos colectivos migrantes mediante a prestación de servizos formativos a través da realización de cursos e talleres sobre técnicas e estratexias para a busca de emprego e a elaboración de currículos e itinerarios laborais, accións de mediación con empresarios e empregadores, acompañamento, servizos de orientación socio-laboral, información sobre dereitos dos traballadores, bolsas de emprego, etc.; inclúense, así mesmo, as accións de información aos colectivos migrantes sobre as profesións máis demandadas, prestándolles o apoio que resulte necesario para que poidan adecuar o seu perfil profesional ás necesidades do mercado de traballo e aumentar a súa empregabilidade nos novos viveiros de emprego.

Os programas de formación con compromiso de contratación que combinen accións de formación adaptadas aos postos de traballo coa inserción laboral dunha porcentaxe dos beneficiarios da acción formativa.

2. Fomento entre a poboación migrante da iniciativa empresarial e o autoemprego mediante o traballo por conta propia ou traballo asociado.

Poderán subvencionarse as accións de asesoramento, formación e apoio aos migrantes para promover a creación de pequenas empresas e desenvolver proxectos de autoemprego e empresas e cooperativas de economía social, incluídas as que ofrecen medidas de acompañamento durante o momento da creación e inicio da actividade da empresa. As ditas accións incluírán a transmisión de coñecementos teóricos e prácticos sobre o funcionamento e os requisitos necesarios para a creación de cooperativas e pequenas empresas de economía social; a xeración dun plan de empresa, as axudas públicas existentes para poñelas en marcha, os medios de titorización e de seguimento nas fases de xeración e consolidación de empresas, o desenvolvemento empresarial, etc.

3. Formación sobre dereitos básicos dos traballadores e sobre prevención de riscos laborais e promoción da seguridade e saúde no traballo.

4. Formación en novas tecnoloxías.

Programas básicos de coñecemento das novas tecnoloxías e de desenvolvemento curricular onde existen necesidades de formación en ferramentas informáticas, por resultar fundamentais tanto para a viabilidade de moitos proxectos de autoemprego como para completar a formación curricular precisa para aumentar as posibilidades de obtención de emprego por conta allea, por parte dos colectivos migrantes.

Programas formativos especializados para aqueles emigrantes retornados e inmigrantes que acrediten unha formación técnica previa co obxectivo de capacitalos para o acceso a empregos relacionados coas TIC e internet.

5. Formación en interculturalidade de profesionais que traballan en inserción socio-laboral cos colectivos migrantes.

Actividades formativas sobre accións de axuda e inserción laboral, dirixidas aos profesionais que traballan coas persoas migrantes, tales como traballadores sociais, pedagogos, mediadores, técnicos de emprego, axentes de desenvolvemento local, etc., co obxecto de transmitir-lles coñecementos específicos que lles permitan aumentar a eficacia dos programas de inserción socio-laboral que levan a cabo co colectivo e contribuír á promoción da sensibilización social en todos os ámbitos da sociedade a favor da non-discriminación da colectividade migrante, na procura dunha convivencia multicultural baseada nos principios de cidadanía, interculturalidade e igualdade de trato.

Artigo 4º.-Orzamento, gastos subvencionables e contía da axuda.

1. A concesión das subvencións previstas nesta resolución realizarase con cargo ao crédito orzamentario 04.50.213A.480.0, por un importe total inicial de douscentos mil euros (200.000 €). A citada cantidade poderá incrementarse conforme as disposicións orzamentarias aplicables á Secretaría Xeral de Emigración.

2. Poderán subvencionarse con cargo a esta resolución os gastos correntes que se lles orixinen ás entidades ás que se lle conceda a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 3º e que se realicen ao longo do exercicio 2006 con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido no artigo 12.6º desta resolución.

3. A consecuencia da aplicación dos criterios de valoración previstos no artigo seguinte, as entidades beneficiarias poderán recibir unha subvención total ou parcial dos custos previstos no orzamento total presentado coa súa solicitude.

4. O importe da subvención virá determinado en función do crédito dispoñible e das solicitudes presentadas. O órgano competente, de ser o caso, procederá ao rateo entre os beneficiarios do importe global máximo destinado ás subvencións.

Artigo 5º.-Criterios para a concesión das axudas.

1. Tanto a concesión como a determinación do importe das subvencións realizaranse en réxime de concorrencia competitiva polo que tanto as asociacións ou entidades beneficiarias, como a contía que se vai conceder a cada unha delas determinarase tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Implantación territorial da entidade solicitante na Comunidade Autónoma de Galicia a través de delegacións propias.

b) Calidade do programa da actividade que se vai desenvolver, valorando o axuste dos contidos técnicos aos obxectivos que se pretenden acadar, o número e perfil dos usuarios que se van atender e o tratamento de xénero no proxecto, e especialmente, o colectivo para o que está prevista unha integración laboral efectiva como é o caso de programas formativos con compromiso de contratación.

c) Experiencia na realización de programas de integración socio-laboral de emigrantes retornados e inmigrantes reflectida na memoria presentada coa solicitude e equipo de persoal dedicado ao desenvolvemento das actuacións que se van realizar en execución do programa.

d) Adecuación do cronograma e dos custos incluídos no orzamento á consecución dos fins e obxectivos da actividade que se vai subvencionar. Contribucións financeiras para a súa execución que achegue a entidade ben directamente ou ben a través doutras fontes distintas á subvención solicitada.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral de Emigración (rúa dos Basquiños, nº 2; 15704 Santiago de Compostela. A Coruña) e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación será de trinta e cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da

publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Documentación.

1. As solicitudes formularanse no modelo publicado como anexo I da presente resolución. A devandita solicitude, única para o programa ou programas de actuación que realice unha mesma entidade ao amparo desta convocatoria, deberá ir acompañada, ademais, pola seguinte documentación que se presentará en orixinal ou copia debidamente compulsada:

a) Acreditación da identidade e representación do solicitante:

a.1.Acreditación da identidade da persoa asinante da solicitude.

a.2.Acreditación da capacidade de representación do asinante da solicitude presentada pola entidade.

b) Estatutos da entidade debidamente legalizados.

c) Acreditación do requisito de inscrición da entidade no rexistro correspondente, de acordo co sinalado no artigo 2º desta resolución.

d) Tarxeta de identificación fiscal.

e) Declaración de axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas, Unión Europea ou calquera outro ente público ou privado, segundo modelo recollido no anexo II.

f) Ficha de solicitude de transferencia bancaria cuberta no modelo do anexo III.

g) Memoria da entidade segundo modelo recollido no anexo IV.

h) Memoria explicativa por cada un dos programas ou proxectos para os que se solicita subvención, de acordo co contido do artigo 3º, cuberta seguindo o modelo recollido no anexo V da presente resolución. Poderán xuntárselle ao modelo de memoria as follas adicionais explicativas que se consideren necesarias para unha mellor avaliación da solicitude de subvención.

i) Orzamento desagregado de ingresos e gastos previstos no proxecto con indicación dos posibles recursos cos que se conta para o seu financiamento.

j) De ser o caso, compromiso de contratación asumido pola/s entidade/s ou empresa/s que vaian contratar a alumnos de programas de formación, con indicación da súa porcentaxe e número, así como do período e xornada que correspondan.

k) Declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo modelo recollido no anexo VI.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a Secretaría Xeral de Emigración requirirá do interesado que, no prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos precep-

tivos con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 8º.-Procedemento de concesión da subvención.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan pola presente resolución axustarase ao previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a devandita Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no seu artigo 78º.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Emigración a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia de dispoñibilidades orzamentarias. Para isto crearase unha comisión de avaliación, que ademais será órgano instrutor, presidida polo subdirector xeral de Planificación das Políticas do Retorno e da Inmigración ou persoa na que delegue e composta, ademais, polo xefe de servizo de Planificación e Formación e por un funcionario da Secretaría Xeral de Emigración, que actuará como secretario.

3. Os expedientes serán avaliados pola comisión de avaliación segundo os criterios establecidos no artigo 5º. Posteriormente a comisión formulará proposta de concesión, a través da Subdirección Xeral de Planificación das Políticas do Retorno e da Inmigración, para a súa resolución polo secretario xeral de Emigración, que resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 9º.-Resolución.

A competencia para resolver as solicitudes de axuda correspóndelle ao secretario xeral de Emigración quen, previo trámite de fiscalización da Intervención Delegada, ditará a correspondente resolución no prazo máximo de seis meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a resolución expresa poderán entenderse desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Secretaría Xeral de Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina da internet

www.galiciaaberta.com as subvencións concedidas ao amparo da presente convocatoria con expresión desta, do programa e crédito orzamentario ao que se imputa o gasto, así como dos beneficiarios, cantidades concedidas e finalidade ou finalidades da subvención, notificando, así mesmo, a resolución que proceda directamente aos interesados.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 10º.-Aceptación da subvención.

No suposto de que entidade non acepte a subvención concedida deberá comunicarllo á Secretaría Xeral de Emigración no prazo máximo de 10 días contados a partir da notificación da resolución, expresando as circunstancias que determinan á súa decisión.

Artigo 11º.-Obrigas das entidades subvencionadas.

Os beneficiarios destas axudas deberán:

a) Realizar o programa ou proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos e das condicións que determinen a concesión da axuda ou subvención.

c) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de actividade subvencionada pola Secretaría Xeral de Emigración, así como o correspondente logo.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que a Secretaría Xeral de Emigración considere necesarias para o axeitado seguimento da actividade e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia segundo a lexislación vixente na materia, facilitando o seu labor de fiscalización e control.

e) As entidades beneficiarias de axudas deberán informar, inmediatamente, á Subdirección Xeral de Planificación das Políticas de Retorno e da Inmigración, sobre calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada.

Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar á Secretaría Xeral de Emigración o exame das actividades tanto na súa execución como con posterioridade ao seu remate, así como toda aquela información que lles sexa requirida, para o que garantirá o acceso dos representantes da secretaria xeral ao lugar das accións, ás contas e demais documentación que se considere oportuna.

No caso de existir variacións respecto do programa presentado coa solicitude de subvención as entidades deberán remitir, como mínimo con catro días de antelación, a data definitiva de inicio e remate das actividades, o enderezo e horario de realización e, cando se trate de accións formativas, relación nominal dos docentes e número de alumnos inscritos.

Artigo 12º.-Forma de xustificación e pagamento das subvencións.

1. As entidades subvencionadas quedan obrigadas a xustificar os gastos correspondentes á execución das actividades subvencionadas.

2. Poderán xustificarse con cargo á subvención recibida os gastos que se realicen con anterioridade á finalización do prazo de xustificación recollido no punto 6 deste artigo e que estean de acordo coas accións recollidas nos distintos programas reflectidos na memoria e na documentación presentada.

3. Poderán realizarse pagamentos parciais, logo de xustificación, á conta da liquidación definitiva, de ata o máximo do 80% do importe da subvención concedida.

Para a xustificación parcial as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e prace do seu presidente, na que conste a denominación do programa e as actividades realizadas, contía do gasto así como a imputación aos fins para os que se concedeu a subvención.

b) Relación numerada de facturas seguindo o modelo recollido no anexo VII, acompañada da factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estes documentos deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente compulsada.

En cada xustificación o representante da entidade deberá achegar un escrito relacionando os documentos presentados ante o órgano xestor e indicando a xustificación parcial ou final á que estes corresponden.

4. A xustificación final da subvención deberá ir acompañada, ademais do establecido no punto anterior, da seguinte documentación debidamente asinada polo representante da entidade:

a) Memoria técnica xustificativa da aplicación da subvención concedida e explicativa da execución do programa ou programas subvencionados, asinada polo representante da entidade, indicando as actuacións realizadas, metodoloxía e instrumentos utilizados, período de execución e ámbito territorial da actuación, colectivo destinatario final das accións e valoración do grao de consecución dos obxectivos previstos no programa, dos resultados acadados, así como as conclusións que se considere oportuno realizar. Xuntarase á memoria un resumo económico con indicación do importe subvencionado e estado de liquidación do programa desagregado por conceptos de gasto e por orixe de financiamento.

b) Declaración complementaria actualizada do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo o modelo correspondente publicado como anexo.

5. De conformidade co establecido no artigo 41.1º f) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, as asociacións e outras institucións sen fins de lucro quedan exentas de acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

6. O prazo de xustificación e entrega da totalidade da documentación será ata o 1 de decembro de 2006.

7. A Secretaría Xeral de Emigración poderá solicitar, en todo momento, calquera outra documentación que considere necesaria para a correcta xustificación da execución das actividades.

8. O importe da subvención concedida será transferido á conta bancaria da que sexa titular a entidade beneficiaria e así se acredite mediante ficha de transferencia bancaria segundo o modelo establecido no correspondente anexo desta resolución.

Artigo 13º.-Compatibilidade das axudas.

As axudas concedidas en virtude desta resolución serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza, administración ou entidade que as conceda, sempre que a suma de todas elas non supere o custo total da actividade subvencionable. Para a determinación do cumprimento deste requisito, o beneficiario da axuda deberá informar no momento da solicitude e ao longo do ano 2006 de todas as axudas e subvencións que para o mesmo fin perciba de calquera entidade pública ou privada.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das actividades, podendo a secretaria xeral adoptar a resolución de modificación da concesión que corresponda de acordo co disposto no artigo 78º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 15º.-Reintegro.

De conformidade co disposto no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederese ao reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora rendidos desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario pola concesión da axuda.

e) Incumprimento da obriga de xustificación na forma e prazos establecidos na resolución de concesión.

f) Modificación substancial das actividades subvencionadas sen autorización expresa do órgano competente.

g) Exceso percibido sobre o custo da actividade desenvolvida.

h) Nos demais supostos previstos no citado artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-Facúltase o subdirector xeral de Planificación das Políticas do Retorno e da Inmigración para que dite as instrucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2006.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN LABORAL DESTINADOS A PERSOAS RETORNADAS E INMIGRANTES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR906A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO PRINCIPAL		LOCALIDADE	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE ASOCIADOS
		Nº DO REXISTRO DA ENTIDADE	

## DATOS DO/DA REPRESENTANTE

APELIDOS E NOME DO/DA REPRESENTANTE LEGAL		DNI / PASAPORTE	
CARGO NA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX

## DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN COA SOLICITUDE (ORIXINAIS OU COPIAS COMPULSADAS)

- ACREDITACIÓN DO REQUISITO DE INSCRICIÓN DA ENTIDADE NO REXISTRO SINALADO NO ARTIGO 2.  
 ACREDITACIÓN DA IDENTIDADE DA PERSOA ASINANTE DA SOLICITUDE.  
 ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE DE REPRESENTACIÓN DO ASINANTE DA SOLICITUDE PRESENTADA POLA ENTIDADE.  
 TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.  
 ESTATUTOS DA ENTIDADE DEBIDAMENTE LEGALIZADOS.  
 ORZAMENTO DESAGREGADO DO PROXECTO.  
 ANEXOS.  
 OUTROS \_\_\_\_\_

## DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que son certos os datos consignados e os documentos que con ela se achegan nesta solicitude e acepto, como representante da entidade que se indica, someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite, se é o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/da representante legal da entidade solicitante)

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 9 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de integración laboral destinados a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DE ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS NACIONAIS OU ESTRANXEIROS**

SOLICITANTE DA AXUDA	ORGANISMO COMPETENTE	TIPO DE AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN (DE SER O CASO)	IMPORTE

**IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN \_\_\_\_\_**

D./Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº: \_\_\_\_\_  
 como \_\_\_\_\_ da entidade \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

Que todos os datos contidos na presente declaración se axustan á realidade e que a entidade posúe documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Secretaría Xeral de Emigración para calquera comprobación que se queira efectuar.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/da representante legal da entidade solicitante)

ANEXO III

**FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA**

TITULAR DA CONTA		CIF	
ENDEREZO SOCIAL			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

NOME DO BANCO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	NÚMERO DA CONTA CORRENTE
_____	□□□□	□□□□	□□	□□□□□□□□□□□□□□□□

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e o número da conta que se facilita para transferencia.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN



## ANEXO IV

## MEMORIA DA ENTIDADE

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE		DATA DA CONSTITUCIÓN LEGAL
ÁREA DE ACTUACIÓN	ÁMBITO TERRITORIAL	

## FINS SOCIAIS RELACIONADOS CO OBXECTO DA CONVOCATORIA


## BREVE MEMORIA DA ACTIVIDADE REALIZADA EN 2005 (\*)


## OUTROS PROGRAMAS REALIZADOS (\*)

DENOMINACIÓN	ÁREA DE ACTUACIÓN	ANO	Nº BENEFICIARIOS	CUSTO

(\*) Referenciaranse aquelas actividades e programas de integración socio-laboral.

## PROGRAMA/S PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN EN 2006 (MÁRQUESE CUN X)

- |                          |   |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | 1.- APOIO A PROGRAMAS DE ACCESO, MELLORA E MANTEMENTO DO EMPREGO.   |
| <input type="checkbox"/> | 2.- FOMENTO ENTRE A POBOACIÓN MIGRANTE DA INICIATIVA EMPRESARIAL E O AUTOEMPREGO MEDIANTE O TRABALLO POR CONTA PROPIA OU TRABALLO ASOCIADO. |
| <input type="checkbox"/> | 3.- FORMACIÓN SOBRE DEREITOS BÁSICOS DOS TRABALLADORES E SOBRE RISCOS LABORAIS E PROMOCIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.               |
| <input type="checkbox"/> | 4.- FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS.   |
| <input type="checkbox"/> | 5.- FORMACIÓN EN INTERCULTURALIDADE DOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN EN INSERCIÓN SOCIO-LABORAL COS COLECTIVOS MIGRANTES.                     |